

Texto publicado no número 176 da revista *Grial* correspondente ao cuarto trimestre de 2007.-

Carta de Istambul

Tras da ollada de Orhan Pamuk

Xesús Constela

“O meu Istambul non é exótico, nin máximo nin raro”
(Orhan Pamuk)

Punto de encontro de viaxeiros ávidos de exotismo (Byron, Andersen, Gautier, Gide...) ao longo dos séculos, lugar de paso para os mercadores da ruta da seda, e na actualidade destino turístico en alza, souben que habería resultarme moi difícil non sucumbir aos múltiples encantos da cidade de Istambul, deitada a ambas as dúas ribeiras do Estreito do Bósforo, con barrios de nomes suxestivos (Beşiktaş, Ayvansaray, Eyüp, Fatih...) que gabean polas caeiras de sete outeiros repartidos entre Europa e Asia. Co libro de Orhan Pamuk *Istambul, cidade e lembranzas* debaixo do brazo achegueime á antiga Constantinopla para ver se era quen de descubrir algunhas claves que puidesen servirme para interpretar o que o escritor chama *hüzün*, un sentimento que podería traducirse como amargura, froito da saudade dun pasado glorioso do que só quedan pálidos reflexos, e que debe de entenderse coma un estado de ánimo no que vive inmersa unha poboación de máis de doce millóns de habitantes se só se teñen en conta as persoas censadas.

Istambul carece de comezo ou de final, e o viaxeiro nunca se decata totalmente das xigantescas dimensións da urbe que o circunda. Ao remate da Primeira Guerra Mundial a poboación da cidade non superaba os cincocentos mil habitantes. A comezos dos anos cincuenta tiña arredor dun millón, e chegado o ano dous mil xa superaba os dez. “O feito de que Istambul estea dividida (...) entre unha

minoría inmensamente rica e os suburbios, onde viven millóns de pobres, e que permaneza constantemente aberta a unha inmigración permanente provocou que nos últimos cento cincuenta anos ninguén sinta a cidade como o seu verdadeiro fogar” láíase Pamuk. Servíranme estas palabras como punto de partida para identificar as raíces do *hüzün*?

Planifiquei a miña visita en torno a unha frase do poeta francés Gérard de Nerval: *“A miseria e a sucidade dalgúns barrios de Istambul, que na súa fachada exterior ofrece as paisaxes máis fermosas do mundo, fan que a cidade semelle o decorado dun teatro que hai que contemplar dende a sala sen pasar entre bastidores.”* Non cabía dúbida: había comezar o meu percorrido polo “decorado” para logo inmiscirme pouquiño a pouco “entre bastidores”.

Istambul amosa as súas beleza, que non son poucas, con esa fachenda de quen se sabe moi fermosa. Tomei como punto de partida da miña visita a Columna de Constantino, no centro da cidade, a onde gabeaban os xanízaros, aqueles privilexiados servidores civís dos sultáns, para competiren entre eles en bravura. Levántase nun extremo do Hipódromo, agora un fermoso parque, que data da fundación de Constantinopla no ano 330 e que até os tempos do Imperio Otomán serviu de escenario para todos os grandes acontecementos públicos.

Xusto detrás do Hipódromo érguense as colosais cúpulas da Mesquita de Sultanahmet ou Mesquita Azul, que debe o seu sobrenome ao recubrimento das paredes interiores con fermosos azulexos da vila de Iznik, en Anatolia, e que no momento da súa construción a comezos do século XVII foi considerada un atentado sacrílego por pretender rivalizar coa arquitectura da Meca ao estar tamén rodeada de seis minaretos.

En fronte da Mesquita Azul érguese unha das grandes xoias da cidade, a Basílica de Santa Sofía (*Aya Sofya*), a igrexa da sabedoría, un dos logros arquitectónicos máis importantes do mundo, orixinariamente decorada con fermosos mosaicos bizantinos que os musulmáns se encargaron de tapar con cal para veren de agachar as imaxes cristiás. Inaugurada por Xustiniano no ano 537, convertida ao islamismo no século XV e declarada museo pola República de Atatürk en 1935, máis de mil catrocentos anos de antigüidade pesan sobre a súa monumental cúpula!

Achegueime á Mesquita de Süleymaniye, construída por orde do sultán Solimán o Magnífico na época de meirande esplendor do Imperio Otomán, e que na antigüidade era moito máis ca o lugar de culto de hoxendía, pois o complexo acollía tamén un hospital, unha pousada para peregrinos, unha escola, un comedor de beneficencia e mesmo unha casa de baños!

Nun costado da mesquita atópase o mausoleo onde está enterrado o propio Solimán o Magnífico, poeta, lexislador e protector das artes, á beira dos seus fillos e da súa ambiciosa muller Roxelana (*Haseki Hürrem*), que conseguiu pasar de concubina no harén a primeira consorte para despois irse desfacendo de todos os achegados ao seu home (incluso o herdeiro do trono) para que o seu fillo Selim acadase o sultanato.

Todo isto aconteceu no interior dos muros de Topkapi, o fastoso palacio onde habitaron os sultáns e o seus haréns antes de trasladaren a sede da xefatura do estado ao Palacio de Dolmabahçe, unha construción tan ostentosa que tivo que ser financiada por bancos estranxeiros cando o Imperio Otomán comezaba a esmorecer no século XIX, e situada Bósforo arriba nun lugar que daquela ficaba afastado da cidade, e agora acabou engulido polo seu medrar incesante.

Auténtico símbolo do poderío do Imperio, Topkapi está construído en torno a catro grandes patios arredor dos cales se distribúen varios pavillóns que rivalizan en luxo e fermosura, incluído un labiríntico harén onde aínda parece que latexan os ecos das máis exóticas historias de concubinas, eunucos e intrigas cortesás.

Preso da beleza de tan grandes monumentos aínda non tivera tempo de sentir nin a máis mínima presenza de nada que me servise para identificar o *hüzün*.

Decidín achegarme ao Bósforo e alí puiden observar os primeiros sinais do que andaba a procurar. Di Pamuk que *“Non se pode comparar ese brazo de auga que percorre a cidade por dentro coas canles de Amsterdam ou de Venecia nin cos ríos que parten en dous Roma ou París: o de aquí ten corrente, vento e ondas e é fondo e escuro”*. E abofé que é certa a súa afirmación. O Bósforo, *Boğazi*, que en turco significa “a gorxa” e transcorre entre o Mar de Mármara e o Mar Negro, ten moita máis extensión que calquera das nosas rías e un tráfico enlouquecido de enormes barcos cargueiros que se cruzan cun enxame de gamelas, pequenas motoras e transbordadores que, tomando como punto de partida o peirao de Eminönü, á beira da ponte Gálata, no corazón mesmo da cidade, carrexan milleiros de persoas sen cesar dende unha beira a outra cunha fluidez que non ten parangón en ningún outro lugar do mundo, nunha urbe que malia as súas xigantescas proporcións carece dun sistema efectivo de transporte público, apenas un exército de taxis e autobuses vellos, unha liña de tranvía e outra de metro.

Para ilustrar os perigos das correntes, as néboas e os temporais no traizoeiro Bósforo, expón Pamuk no seu libro un interesante catálogo de accidentes, coma o dos dous petroleiros que chocaron pola noite e provocaron un incendio que asolou barrios enteiros, ou o do mercante que partiu un edificio en dous, ou o dun cargueiro

libanés que levaba un cargamento de milleiros de ovellas que morreron sen que ninguén puidese salvalas.

Conta tamén como nas noites de inverno sixilosos barcos soviéticos cargados con material de guerra cruzaban o Bósforo cos motores case apagados para que ninguén os escoitase no que era un segredo a voces compartido pola cidade enteira.

Nos arredores de Eminönü quedei cativado pola improvisada coreografía do ir e vir das xentes, así que sentei nas escaleiras da Mesquita Nova para me deter a contemplar un espectáculo digno de admirar. Pasaron perante miña varias dúcias de vendedores a turrar por carriños nos que levaban peixe fresco e peixe asado, ou mazarocas de millo tostadas, ou mazás e laranxas, ou calcetíns, ou lambetadas, ou plátanos, ou dátiles, ou mercadorías que tardei un tempo en poder identificar. E pasaron tamén mulleres con atavíos occidentais á beira doutras vestidas ao estilo musulmán, tan tapadas que semellaban sombras escuras. E tamén viñeron onda min varios mendigos a pedir esmola e outros a ver se lles compraba grans de millo para lles botar ás pombas. En todas esas xentes fun quen de percibir os primeiros trazos do *hüzün*, a amargura da cidade. Case sen me decatar acababa de entremeterme entre bastidores. Puxera un pé fora do decorado e a cidade presentábase espida ante os meus ollos por primeira vez.

Atopei tamén o *hüzün* nos taciturnos mariñeiros que limpaban as cubertas dos vapores atracados nos peiraos do Bósforo, nos autobuses que pasaban ateigados de xente calada e seria, nos centos de caras que reflectían un cansazo moi antigo, e noutras que perderan a cor por mor da sucidade... Paseei chegada a noite polo mesmo lugar e o paseo servíume para descubrir un gran pouso de melancolía no Bazar Exipcio ou das Especias, que ficara deserto unha vez que os vendedores recolleran os produtos e pecharan as persianas dos seus postos, na perenne

multitude que seguía a pescar na ponte Gálata, nas esgotadas furgonetas ateigadas de xente que facían o que semellaba ser un derradeiro esforzo antes de sucumbir convertidas para sempre en chatarra, e sobre todo na inxustiza de que alguén puidese estar a lles roubar a infancia a un exército de cativos de diferentes idades que cada noite aparecían polas rúas a turrar por carros máis grandes ca eles cargados con papeis, cartóns e plásticos recollidos entre o lixo.

A imaxe idílica de Istambul estivo piques de caérseme en anacos esluída en todo canto acabo de contar e tamén no cheiro a mexos e retrete que desprendían moitos lugares, nas fontes monumentais que deixaron de dar auga hai moitos anos porque as billas están rotas e ninguén parece disposto a reparalas, nas xentes que regresaban a casa despois do solpor, coma se a escuridade fose quen de cubrir as moitas miserias que a cidade agacha.

Sentín que Istambul vive sumido no que parece ser un desequilibrio constante, que dubida entre escorarse cara a Oriente ou a Occidente, cara a Europa ou cara a Asia, cara á modernidade ou cara á tradición máis islámica. Os barrios periféricos nada teñen que ver coas luxosas mansións do distrito residencial de Ortaköy, onde habitan aqueles que non coñecen a palabra necesidade. Comprendín perfectamente as palabras de Pamuk: *“Istambul vive presa dunha sensación de perda e tristura”* que se orixinou, polo visto, tras da caída do Imperio Otomán. Pensei que a occidentalización obrigatoria instaurada pola República de Atatürk semellaba un desexo de liberarse de lembranzas cheas de amargor e de tristura, como *“botar ao lixo a roupa, os adornos e os obxectos dunha fermosa amante perdida para nos liberar da súa destrutiva lembranza.”* Pamuk gusta dese Istambul antigo que reflicten os debuxos e os gravados do artista viaxeiro Antoine-Ignace Melling (1763-1831), aquel Istambul cosmopolita de antes da expulsión de gregos e armenios, a quen se

espoliaron tendas e negocios nunha limpeza étnica que restou presenza a todas as linguas que non fosen o turco, unhas imaxes que reflicten a vida cotiá das xentes antes de que a cidade comezase a occidentalizarse. E gústanlle tanto que decidiu utilizar unha delas para a primeira edición turca d'*O castelo branco*. Hoteis, restaurantes, tendas, tabernas, casas de baños, Istambul enteiro está cheo desas vellas imaxes que reflicten escenas da antigüidade, coma se os habitantes todos quixesen aferrarse ao pasado para veren de fuxir da vertixe do presente e da incerteza do futuro.

Para non abandonar a cidade impregnado de *hüzün*, pensei que necesitaba aproveitar o tempo que ía permanecer nela para compartir os aspectos máis positivos da vida cotiá dos seus habitantes, así que parei en varias ocasións a saborear os diferentes tipos de té que se sirven nos postos da sempre abarrotada praza de Beyazit, onde o tempo semella non ser máis ca un espellismo e as cousas se toman con moita calma porque sempre é bo reservar un momento para unha conversa á sombra, unha das actividades favoritas nunha cidade que zumega hospitalidade. E tamén entrei nos varios cafés que hai nas proximidades da praza de Çemberlitas, agachados das ondadas de turistas na parte traseira de cemiterios curiosamente integrados na cidade, para fumar cachimbas de tabaco de mazá e de canela e deixar transcorrer as horas nun ambiente relaxado lonxe da marfallada caótica do tráfico. E tamén me acheguei varias veces ao Gran Bazar, que aínda que perdeu o seu máis tradicional carácter de centro artesanal por mor das presións do turismo, resultábame un lugar interesante, se non para mercar algo polo menos para ver compradores e vendedores a desenvolver as máis arrevesadas técnicas do regateo. E a xeito de colofón deixei caer por Cağaloğlu, o *hamam* máis antigo da cidade para me desfacer para sempre do *hüzün* entre baños de auga fría e auga

quente, antes de ir tomar un *kebab* ben condimentado e cociñado a lume lento nunha animada *lokanta*, que é como se chaman en Turquía os restaurantes populares.

Despedinme da cidade mentres a ollaba esplendorosa e radiante dende a xanela do avión que me traía de volta a casa, e pensaba na enorme complexidade de acoller a máis de doce millóns de habitantes que sumidos na vertixe provocada pola carreira cada a modernización deambulan polas súas rúas e prazas alleos aos vestixios de Bizancio e Constantinopla, isto é, alleos ao decorado, mais forzados a contemplar con fonda saudade o seu propio pasado.

©Xesús Constela Doce, 2007